

NOTA INFORMATIVA PARA PAIS/NAIS

Estimadas familias:

De novo nos poñemos en contacto con vostedes pois, dado que esta situación estase a alargar no tempo, pensamos que é necesario establecer ao menos unha pequena comunicación e sempre que sexa doado, entre nós, as titoras, e os nosos alumnos/as

Por esta razón temos creado desde este momento este blog <https://segundomestrevide.blogspot.com> para intentar favorecer algún tipo de contacto cos nosos alumnos/as.

Ademais desde esta semana teremos a seguintes contas de correo:

m.amparo.casares.vidueira64@gmail.com para 2º A

trabajoclase.esther@outlook.es para 2º B

Nesas contas poden enviar sempre que lles sexa posible e vostedes o consideren oportuno **as fichas de autocontrol** que a partir de agora serán enviadas cada semana ao final da tarefa.

Os que non poidan facelo pódenas gardar. Se volvemos ao colexio aínda que sexan só uns poucos días, poderán entregalas sempre que fixeran o traballo ou ben parte del. Non esquezamos que **NON TEÑEN NINGUNHA OBRIGA.**

Trátase de fichas de control que non de avaliación, nas que aparecerán actividades que os nenos/as deberán facer SEN AXUDA unha vez rematado todo o traballo anterior incluído na tarefa semanal.

Non se trata de enviar todo o traballo realizado se non **só as fichas de autocontrol** que servirán para ir vendo os progresos e dificultades do grupo e así seguir programando.

Ao mesmo tempo cada vez que sexa necesario, iremos insertando xunto coas actividades e os exercicios a facer, videos explicativos cos contidos necesarios para seguir traballando no posible, especialmente nas materias instrumentais.

De todos os xeitos sabemos que as familias neste momento están sendo país, mestres, orientadores, monitores de tempo libre.... por iso é moito máis volvemos insistir no que xa comentamos noutra ocasión, este traballo debe facerse SEN AGOBIOS. Trátase dun traballo totalmente voluntario. Non nos gustaría que esto supoña para vostedes unha carga nin unha preocupación máis cá imprescindible ao tratarse de nenos tan pequenos que precisan supervisión constante.

Grazas pola súa colaboración

ÁNIMO XA QUEDA MENOS

Un saúdo

Amparo e Esther (titoras de segundo curso)

TAREFA SEMANA 4 SEMANA SANTA

De haber seguido coas clases presenciais esta semana sería a correspondente ás vacacións de Semana Santa.

Pensamos que aínda nestas condicións especiais de confinamento os nenos/as deben disfrutar no posible delas.

Así os deberes para estas datas estarán en consonancia.

TRABALLO PARA ESTES DÍAS DE VACACIÓNS

- **Escribir un pequeno texto (máximo 12 renglóns), limpo, ordenado con boa caligrafía e ortografía no que contarán como están pasando o tempo, que fan, que pensan, como se sinten, que será o primeiro que lles gustaría facer cando esto remate...**

Título: EU QUEDO NA CASA

Poden escribilo en galego ou en castelán, como eles/as prefiran.

O QUE O DESEXE UNHA VEZ QUE O TEÑA REMATADO PODE FACER UN DEBUXO E ENVIALO TODO XUNTO A DIRECCIÓN DE CORREO SINALADA (cada curso ten unha propia)

- **ADICAR UN RATO A LER CADA DÍA**
- **REPASAR AS TABLAS DE MULTIPLICAR**
- **Os nenos/as que non teñan ao día as actividades das tarefas das semanas anteriores poden aproveitar para remalas no posible.**
- **No blog <https://segundomestrevide.blogspot.com> aparecen tamén tarefas de repaso que sempre se poderán facer no momento que estimen oportuno.**